

UNIDADE DIDÁCTICA

Rosalía Fernández Rial

# ÁRBORES NO DESERTO

  
ANOS  
CON  
NOS  
EDITORIAL  
GALAXIA

ILUSTRACIONES  
María José Costa Valiño Chiña



## INTRODUCCIÓN

*Podo tomar calquera espazo baleiro e chamalo un escenario espido. Un home camiña por este espazo baleiro mentres outro o observa e iso é todo o que se precisa para realizar un acto teatral*

PETER BROOK

Esa cita de Peter Brook é unha das máximas ás que me ateño nos traballos de investigación que realizo sobre didáctica das linguas, da literatura e da expresión dramática e teatral. Tanto é así que abre as primeiras páxinas da miña tese de doutoramento. Sigo a pensar, con Brook, que o espazo e as persoas —mulleres e homes, por certo— son os únicos elementos imprescindibles para a creación escénica.

Asemade, se trasladamos ese axioma ao ámbito escolar, percibiremos que tamén son os dous elementos indispensables para que se produza un feito educativo. Máis aínda, a aplicación de calquera innovación didáctica ha de focalizar unha parte importante dos seus esforzos na transformación dos espazos e, sobre todo, das persoas. Así, nesa liña, o traballo coa expresión dramática e teatral no ensino convértese nunha ferramenta moi poderosa de aprendizaxe, tal e como teorizo en *Aulas sen paredes* (2016).

Tendo en conta o ata aquí argumentado, cómpre adiantar que o produto final da proposta didáctica que expoñeremos a continuación vai consistir en converter o centro educativo nun Centro de Arte Contemporánea.

Cantas veces ao día desexamos, alumnado e o profesorado, saír da rutina; transcender a estrutura dos mesmos corredores, aulas, cadeiras e pupitres? En cantas ocasións o profesorado percibimos unha incoherencia absoluta entre a avaliación por competencias e o tipo de probas centradas unicamente nos contidos? Podemos recordar canto esforzo investimos en pensar actividades de centro con carácter transversal e competencial que impliquen o maior número de membros da comunidade educativa? E que nos ilusionen, que nos unan, que nos axuden a remar nun mesmo sentido?



Soujourner Truth

## **1. ACTO UN: UN CENTRO DE ARTE CONTEMPORÁNEA NO EDIFICIO ESCOLAR**


En primeiro lugar, resulta imprescindible recordar que o libro *Árbores no deserto* pode dividirse claramente en once partes; cada unha delas dedicada a unha pensadora con perspectiva de xénero. A partir de citas desas once protagonistas, que se suceden dun modo cronolóxico, establécese un diálogo de carácter intertextual para dar lugar a unha nova creación de voces fusionadas, que actualizan, homenaxeán e, sobre todo, poetizan os seus discursos, así como o significado e transcendencia das súas figuras, que inflúen no noso xeito de estar no mundo e de expresarnos.

Por ese motivo, pretendemos que o alumnado viva tamén esa experiencia de maneira interactiva, para o cal decidimos dedicar cada aula a unha pensadora. Coma se cada clase se transformase nunha sala de exposicións e de dinamización cultural e artística de cada unha das once mulleres: Sojourner Truth; Flora Tristán; Concepción Arenal; Rosalía de Castro; Enma Goldman; Virginia Woolf; Clara Campoamor; María Zambrano; Simone de Beauvoir; Kate Millet e Malala Yousafzai.

Desa maneira, as familias ou visitantes en xeral das xornadas de portas abertas que se celebren arredor da presente proposta, han de sentir que están a visitar un Centro de Arte Contemporánea ao pasar polas diferentes aulas, en que atoparán todo o que detallaremos no seguinte punto. Antes de pechar este, queredamos, iso si, expresar que se precisa a colaboración de moitos dos departamentos do centro traballando de forma unida e coordinada, e tamén que se van tratar variadas competencias.

Asemade, cómpre sinalar que as once clases poden ser de calquera nivel da ESO ou, máis recomendable aínda, de diferentes niveis, incluíndo cursos da ESO e mesmo de bacharelato. Neste caso reservaríanse as propostas máis complexas, como as dúas últimas, para os cursos máis avanzados.





01

02

FLORA  
TRISTÁN

01

CONCEPCIÓN  
ARENAL

02

03

04

ENMA  
GOLDMAN

03

VIRGINIA  
WOOLF

04

## 2. ACTO DOUS: AULA A AULA

En cada unha das aulas, dedicadas a cada pensadora antes referida, realizarase un traballo con dobre vertente; unha parte de investigación e, outra, de creación. Dentro da segunda, ademais, conxugarase a creación plástica coa escénica, e tamén coa literaria, pois o texto de partida das *performances* é sempre un poema do libro *Árbores no deserto*.

### A) Escena primeira: na porta da aula, antes de entrar

Para empezar, cómpre advertir que na porta de cada aula dedicada a unha das mulleres, ha de pendurarse por fóra o nome da pensadora e a ilustración que aparece no libro, retratando cada unha das autoras homenaxeadas. Esta peza plástica, realizada pola artista Chiña, encabeza cada unha das partes do libro e versiona, interpreta, o rostro de cada muller á que se dedica o proxecto.

No que atinxe ao traballo previo de investigación, a tarefa será a seguinte: cada clase realizará un tríptico encabezado por ese mesmo retrato e o nome da autora, tal e como aparece na porta da aula. Este conterá: información sobre a biografía e, de ser o caso, algunha obra da autora homenaxeada; unha breve sinopse das obras plásticas que realizou o alumnado, e que se expoñen no interior da aula e, outra sinopse, da *performance* que se vai realizar no interior e que detallaremos con minuciosidade no apartado 3 desta Unidade.

Antes diso, cabe adiantar que, na porta da aula, explicaráselle brevemente ao público que acuda a ver as salas de exposicións e as *performances* correspondente, o contido referido da sinopse, pero de xeito oral e adaptado ao contexto. É dicir, a modo de guías, parte do alumnado que non participe na *performance*, ou quen se decida conxuntamente na aula, adiantaralles aos espectadores información sobre a autora homenaxeada e sobre as obras de arte que realizaron arredor da súa figura.

### B) Escena segunda: dentro da aula

Dentro de cada unha das aulas, cal sala de exposicións, exhibirase o conxunto do traballo plástico que previamente elaboraría o alumnado. Este consistirá no seguinte: o profesorado imprimirá en papel cristal os rostros creados pola artista Chiña, presentes no libro *Árbores no deserto*. Logo, tras a lectura e interpretación dos poemas correspondentes á autora que lles foi asignada a cada aula, o alumnado realizará, de forma individual, a súa propia versión plástica do poema como fondo que o papel cristal transparente co retrato pertinente.

Outra modalidade desta mesta tarefa é a dixital. Esta será igual á anterior, só que en vez de crear o fondo tras o rostro de forma analóxica, realizarase unha versión dixital; intervindo o rostro da autora pertinente a partir do escaneo da obra orixinal de Chiña e empregando un programa de edición de imaxe para a súa transformación.

En calquera caso, resulta imprescindible aclarar que, en canto se abra a aula, convertida en sala de exposicións dun Centro de Arte Contemporánea, o primeiro que atoparán os espectadores será a *performance*; centro da intervención na xornada de portas abertas, e tamén da presente proposta didáctica.

Así, tras a explicación colocada na porta, dentro empezará cada intervención escénica, que a continuación expoñeremos. Asemade, ao finalizar, poderase pactar algún elemento como rastro da *performance*. É dicir, como testemuño do que aconteceu, tal e como fan a maior parte dos *performers* que actúan en Centros de Arte Contemporánea.

Finalmente, cando o público contemple a *performance*, núcleo da Unidade, e o alumnado deixe unha marca, como peza artística, da intervención, acenderanse as luces e os espectadores e espectadoras poderán contemplar a exposición das obras plásticas que elaborou cada alumno e alumna de xeito individual, e que antes citamos.

### 3. ACTO TRES: UNHA PERFORMANCE POR CADA MULLER

#### 3.1. Sojourner Truth

Poema: "Mírenme!"

Na primeira das *performances* participarán oito alumnos e alumnas. Destes, sete irán vestidos de negro e un ou unha de branco. Esta última persoa exercerá como "prisma de luz", mentres que as outras simbolizarán a dispersión cromática derivada do efecto óptico polo que se forma o arco da vella. Polo tanto, cada unha das sete portará, respectivamente, unha tea dunha das cores do contrasol: vermello, laranxa, amarelo, verde, azul, índigo e violeta.

Ao comezo, as sete de negro rodearán á de branco, pegadas a ela, formando un círculo pechado, minúsculo. Acto seguido, as de negro, ao unísono, pronunciarán, como retrouso, un fragmento da cita de Sojourner Truth presente no libro: "Mírenme! Miren os meus brazos!", ao que a persoa de branco, no centro, responderá coa seguinte pregunta da autora homenaxeada: "E acaso non son unha muller?"



Tras esa introdución, a primeira das sete cores, a que porta a tea vermella, despregará esta e xogará con ela, expresándose corporalmente segundo lle suxira a estrofa inicial do poema de Rosalía Fernández Rial que se lle asignou. En canto chegue ao final, ao extremo da tea estirada dela ao centro, mirando cara ao público, dirá a primeira estrofa do poema de Rosalía: “A eclipse das nosas pupilas / desorbitadas / pode compasar / a arritmia do caos / que nos creou”.

Do mesmo xeito procederán as seis persoas restantes, correspondéndolle á laranxa a segunda estrofa do mesmo poema e á amarela do verso 10 ao 14; á verde o 15 e 16; á azul o 17; ao índigo do 18 ao 20 e ao violeta o 21 e 22. Mentres, a persoa que permanece no centro suxeitará os extremos contrarios das sete teas, para permitirlles que estas se estendan, formando un círculo grande, proporcionado e de cor.

Finalmente, cando remate de recitar quen desdobre o violeta, todas empezarán a enredar coas súas teas o “prisma” branco que permanecía no centro, de maneira caótica mais áxil, pasando por arriba e por abaixo das demais cores. Cando a persoa de branco fiquen totalmente vestida coas teas, cos brazos baixo estas, as de negro abandonarán a escena e o “prisma” repetirá o inicio a cita completa de Soujourner Truth presente no libro: “Mírenme! Miren os meus brazos...”

8

### 3. 2. Flora Tristán

*Poema: “Coas máquinas e a división do traballo”*

Nesta ocasión permanecen doce persoas en fila india, vestidas de negro e cunha máscara neutra, fronte a outra que se atopa sentada a poucos metros de distancia no centro da escena. A idea que se transmitirá, cara á que se tenderá progresivamente, será a dun reloxo analóxico, onde cada unha das doce persoas exercerán como unha das horas, e a do centro como punto desde o que se moven as agullas, que manexará empregando unha peza metálica.

Desa maneira, a fila formada por todos os membros que compoñerán cada hora dirixirase, primeiro, ao lugar en que están as 12:00. Unha vez nese punto, fronte á persoa que manexará a agulla, e que permanecerá sentada no centro da circunferencia futura, irán quedando en cada hora unha das persoas da fila, ata completar o reloxo analóxico.

Cando o círculo se complete, a persoa que estaba no medio erguerase e irá apuntando coa agulla, conformada por un obxecto metálico de certa extensión, a cada unha das horas. En canto o faga, simulará un disparo como símbolo do inaprensible do tem-





po e a alumna ou alumno correspondente pronunciará os versos do poema que lle sexan asignados case agonizando, antes de tirarse por completo no chan facendo uso dunha expresión corporal o máis precisa e orixinal posible. Cabe precisar que será necesario xestionar a presenza da máscara e a pronunciación do verso; ben recortando esta pola parte inferior da cara, ben sacándoa nese momento ou ben procurando outros recursos.

Así, a persoa que ficou nas 12:00 pronunciará, antes de descender ata permanecer no chan, a primeira das estrofas ("O horizonte remata / na caluga / que me golpea a vista) e a das 1:00 a segunda ("O meu cabelo / é o punto de fuga / para quen teño atrás"). Logo a das 2:00 emitirá o verso 7; ás 3:00 os versos 8 e 9; ás 4:00 o 10; ás 5:00 os versos 11 e 12; ás 6:00 os versos 13 a 15; ás 7:00 os versos 16 e 17; ás 8:00 o verso 18; ás 9:00 os versos 19 a 22; ás 10:00 o verso 23 e ás 11:00 os versos 25 e 26. Evidentemente, esta distribución pode adaptarse en función dos ritmos e intencións que se lle pretendan conceder ao texto e á *performance*.

6

En calquera dos casos, ao final, cando as doce persoas permanezan no chan, deitadas, quen lles disparaba coa agulla colocará esta nunha posición vertical, en vez de horizontal, e pronunciará a cita de Flora Tristán que abre o conxunto de poemas no libro *Árbores no deserto*: "Coas máquinas e a división do traballo, non hai necesidade senón de motores..."

### 3. 3. Concepción Arenal

*Poema: "Cando"*

No centro da escena permanece unha persoa cunha cadeira e unha mesa, sobre a que hai colocadas varias cartolinas tamaño folio que levan escritas cada unha un fragmento do poema "Cando", en homenaxe a Concepción Arenal. As demais persoas, tantas como partes en que se dividira o poema, camiñan, dispersas e de xeito caótico, ocupando todo o espazo.

Progresivamente, o ritmo das persoas que camiñan aleatoriamente, vai aumentando e, cando chega ao seu punto máis álxido, a alumna ou alumno que estaba sentado na cadeira, engurra un dos folios que estaban sobre a mesa e, subíndose a esta guíndallo a un ou unha dos camiñantes. Quen o colla vaino ler en alto e cambiará o caos da súa expresión corporal e do seu desprazamento, así como o ritmo co que se move e o volume de voz para dar voltas arredor da persoa central e dispoñerse a rodear con círculos constantes a persoa do centro, recitando coma unha ladaíña, dun modo repetitivo, o verso que lle tocou, cartolina en man.



Así procederáse con cada unha das persoas, ata que os círculos concéntricos completen todo o poema. Unha vez aconteza iso, a persoa do centro subirá á mesa, facendo que os demais se deteñan no lugar en que se atopaban nese momento, e recitará en solitario o poema completo que antes só se escoitaba como un eco de moitas voces soando en baixo e de forma caótica, desordenada. Ao rematar, os que xiraban guindarán os seus papeis ao aire e o do centro pronunciará a cita de Concepción Arenal que abre o poema, baixará da mesa e abandonará a escena. Momento en que os demais se tirarán ao chan empregando a expresión corporal para iso.

### 3. 4. Rosalía de Castro

*Poema: quinto da serie “Eu, sen embargo, son libre, libre como os paxaros, como as brisas; como as árbores no deserto e o pirata no mar...”*, que empeza “Calquera territorio / me resulta abarcable”.

Dez persoas pasearán pola escena repetindo a cita de Rosalía de Castro que pecha o conxunto de poemas dedicados a esta autora, ata que unha se detén e pronuncia o primeiro “eu”, para que a sigan as dez, cun fragmento cada unha da cita. A medida que pronuncien o verso, irán caendo e permanecerán estiradas no chan.

En canto as dez estean sobre o chan, unha alumna achegárase cun xiz e pintará a silueta dunha das compañeiras e, en canto remate, a persoa que estaba no chan, pronunciará os dous primeiros versos do poema: “Calquera territorio / me resulta abarcable”. Acto seguido irán entrando de cada vez un estudante diferente para proceder do mesmo xeito; repasarán a figura da persoa deitada e estas dirán, respectivamente, a segunda os versos 3 e 4; a terceira os 5 e 6; a cuarta do 7 ao 9; a quinta o 10 e 11; a sexta do 12 ao 14; a sétima o 15; a oitava do 16 ao 18; a novena do 19 ao 21 e a décima do 22 ao 24.

Cando a última remate o seu verso, a primeira erguerase e, co xiz que a compañeira deixou ao seu carón, escribirá, dentro da silueta que ficou pintada, o seu propio nome. Logo sairá da escena. O mesmo procedemento realizarán as demais, pola mesma orde que recitaron.

Finalmente, cando a última persoa abandone o lugar onde permanecen as figuras e os nomes das primeiras, apagarase a luz e, xusto despois, entrarán, ao mesmo tempo, as que antes repasaron o corpo das compañeiras con xiz cunha lanterna que iluminará, por última vez, a obra que quedou como resultado último. Apuntando coa luz cara abaixo, repetirán a cita de Rosalía referida ao comezo e apagarán as lanternas á vez.





### 3.5. Enma Goldman

Poema: “O home puido mercar cerebros”

Entre a escuridade, catorce persoas, unha por verso, acenden unha lanterna suxeita na cabeza, coma se de mineiros se tratase. No momento inicial, aparecen cos brazos abertos, dándose a man e, progresivamente, de maneira moi coordinada e fluída, vanse estreitando cara ao centro e agachando, pasando pola postura de rodear cos ombros ás outras persoas ata chegar a anicarse por completo o máis xuntos posible.

Unha vez no medio, apagan todos a luz, menos quen vai pronunciar o primeiro verso, que se ergue e recita o fragmento correspondente, para logo volver xunto aos compañeiros e compañeiras. Así actuarán, sucesivamente, as catorce persoas implicadas.

Ao final, o conxunto enteiro, coas luces apagadas, repetirán, ao unísono a cita de Enma Goldman: “O home puido mercar cerebros (...) pero non conseguiu o amor”.

11



### 3.6. Virginia Woolf

A *performance* relativa á parte referente a Virginia Woolf centraranse no primeiro dos textos intervidos. Dese modo, cómpre atender ao contexto de creación poética para comprender a dimensión escénica. O modo de composición do poema final é equivalente á confección dunha colaxe no eido plástico; vanse eliminando as palabras que non se empregan e selecciónanse outras en función do resultado final que se pretende conseguir. Neste caso, un poema derivado dun texto en prosa que adquire un significado totalmente diferente tendo en conta o contexto de orixe.

En primeiro lugar, proxectarase na pantalla da aula o texto de Word orixinal de Virginia Woolf en que se basea o primeiro dos poemas. Dese orixinal pertencente a *Un cuarto de seu* iranse riscando as palabras das que se prescinde e subliñando as que se empregarán para compoñer os versos. Iso farao unha alumna ou alumno desde o ordenador, situado nun dos extremos do espazo escénico.

Desde o outro extremo da escena, irán saíndo, un en un, cada alumno cunha tableta acesa, que exhibe tan só a palabra non riscada do texto. Farano ao mesmo tempo que quen controla o ordenador poña en letra grosa a palabra en cuestión. Estará todo ás escuras e iranse colocando en disposición circular para que o público lector sexa quen vaia vendo pasar o texto que queda como resultado final.

Despois de que o texto mostrado desde as tabletas, mediante o sistema referido, dea dúas voltas para que os espectadores poidan asimilar o poema, apagaranse os dispositivos e, en escuridade total, que controlaba o ordenador recitará en alto o poema que apareceu en escena.

### 3.7. Clara Campoamor

Novamente, para comprender e contextualizar o traballo escénico relativo a esta parte do libro, cómpre observar o método de composición dos versos. Se analizamos o modo en que se creou o primeiro dos textos inmediatos á cita de Clara Campoamor, veremos que se trata dunha reordenación das palabras do discurso que antes se referencia. É dicir, trátase dun *puzzle*, dun quebra-cabezas textual que recolle todas as palabras e que lles outorga outra orde, o que implica un significado por completo diferente ao do fragmento orixinal.

Nese senso, igual que acontecía no caso dos poemas dedicados a Virginia Woolf, a *performance* traduce á linguaxe escénica o modo de creación dos versos. Así, coma se dun caligrama vivente se tratase, organizárase a acción en dúas partes: na primeira, cada alumno ou alumna, vestidos de negro, leva unha palabra escrita en cartolina branca e letras grandes. Nesa fase inicial, a disposición será en liña recta e na orde que aparece no discurso orixinal de Clara Campoamor, pronunciado en 1931. Se non caben nunha soa liña, faranse dúas, igual que nunha folla escrita.

A continuación, na segunda fase da *performance*, outra persoa, vestida de branco, irá reordenando aos seus compañeiros ata formar un círculo, que xirará coa finalidade de que o público poida ler o novo poema, reordenado.

### 3.8. María Zambrano

O texto dedicado a María Zambrano en que se vai basear a *performance* é o que comeza: “Se Zambrano fora unha caixa de música”. Este parte do xogo coa cita anterior en que a autora pertencente a Las Sinsombrero, afirma “Primero quise ser una caja de música”, e despois argumenta a imposibilidade de converterse no obxecto anhelado. Nese instrumento, precisamente, vaise basear a dimensión escénica que propoñeremos a continuación.

Nun primeiro momento, coma se dun cilindro coa partitura sen activar se tratase, trece alumnos ou alumnas, un por verso, permanecerán sentados en disposición circular. Acto seguido entrará outra estudante, que exercerá como “manivela” desa caixa de música corporal. En canto toque á persoa que exerce como verso inicial, esta erguerase e adoptará unha determinada postura, a unha altura específica, e pronunciará o seu verso.

Da mesma maneira procederán, progresivamente, cada unha das persoas que teñen asignado un dos versos. Como obxectivo conxunto, han de coordinarse para crear diferentes alturas e posturas, de maneira que o resultado total dos corpos estáticos expresándose sexa o máis variado e rico posible.

Unha vez que se dea unha volta completa, quen fai de manivela procederá en seguintes roldas para xogar cun aumento progresivo do ritmo, o que irá outorgando dinamismo á *performance*. Do mesmo xeito e paralelamente, variaranse tamén os tons de voz e pode experimentarse, asemade con pequenos cambios na expresión corporal.

### 3.9. Simone de Beauvoir

O texto en que se vai basear a *performance* é o que se abre co fragmento inicial da cita máis coñecida de Simone de Beauvoir: “Non se nace muller: chégase a selo”. Partindo desa afirmación e dos versos creados a continuación, propoñerase unha intervención escénica coherente con esa construción explícita presente na referencia e no poema.


Primeiro cómpre aclarar que se vai realizar un “tableau”; isto é, un cadro vivinte en que o alumnado erixirá cos seus corpos, estáticos, unha fotografía conxunta mediante a que expresar conceptos pactados.

Neste caso participarán un alumno ou alumna por verso, o cal suma un total de dezaseis, mais unha persoa a maiores que actuará como escultora ou escultor. Baixo a idea de presentar a escena dun naufraxio, a escultora irá dispoñendo os corpos dos compañeiros, desde a postura neutra adoptada ao comezo da *performance* ata o cadro vivinte final.

Unha vez que o cadro remate, a escultora irá tocando a cada persoa pola orde dos versos asignados, ata que se pronuncie todo o poema desde o “tableau” que ficou como resultado final. Cando a última persoa tocada pronuncie o derradeiro verso, a escultora adiantarase ao cadro e expresará, berrando, a cita de Simone de Beauvoir: “Non se nace muller”. Logo de deixar pasar o tempo suficiente, cada unha das persoas que formaban o cadro, desfacéndose da súa postura e revivindo, irán contestando: “Chégase a selo”, a medida que saen da escena.







### 3. 10. Kate Millett e Malala

As dúas últimas partes do libro *Árbores no deserto*, que se basean nas figuras de Kate Millett e Malala, presentan un método de creación similar. Tras a recepción activa e reflexiva dun vídeo de Youtube en que falan as mulleres mencionadas, vanse extraendo palabras para realizar un produto final. Nese senso, o modo de composición é parello ao explicado da colaxe no caso de Virginia Woolf, pero en vez de utilizar os seus textos como punto de partida, emprégase a oralidade e o movemento propios do formato audiovisual.

En coherencia con iso, propoñeremos a mesma metodoloxía para a concepción das *performances* relativas ás dúas últimas partes do libro. Aínda que o equipo docente elixirá se lle convén máis que unha única aula traballe ambas as figuras conxuntamente ou se divide unha autora para cada clase. Iso farase, evidentemente, baixo criterios didácticos, educativos e, por suposto, tamén en beneficio da obra total e conxunta do centro participante.

A idea da que se parte en ambos os casos é o coñecido xogo das cadeiras, en que se activa unha música e, ao detela, como hai un sitio menos que persoas, quen tarde en sentar, terá que abandonar a dinámica. E así sucesivamente, ata quedar unha soa gañadora.

Non obstante, en vez da música activaranse os vídeos e no canto de parar estes aleatoriamente, deteranse no momento en que a muller homenaxeada pronuncie a palabra escollida no libro para compoñer o poema final.

Ademais, haberá un sitio por persoa e estas, que permanecerán sentadas, só se erguerán no momento en que o vídeo se deteña na palabra que lle foi asignada. Cando isto aconteza, o alumno ou alumna que tiña esa palabra, erguerase e improvisará un verso baseado nese termo, igual que o fixo a autora do libro.

Unha vez que todos os participantes atravesen o mesmo proceso, comezará unha segunda rolda, xa co vídeo apagado, en que pronunciarán só a palabra asignada, de maneira que quede como resultado o poema final presente no libro.

En canto rematen, ergueranse da cadeira, cargando con ela, saíran da escena.

ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL

